

PROTOCOLO/ PLAN DE
ADAPTACIÓN DO SERVIZO
DE COMEDOR E
MADRUGADORES Á
SITUACIÓN DO COVID-19
PARA O CURSO 2021_2022

APA A Gaivota
(CEIP San Xose Obreiro - Meicende)

02 de Setembro de 2021

INDICE

1. INTRODUCCIÓN.....	3
2. MEDIDAS PREVENTIVAS	3
1. MEDIDAS RELATIVAS Ó PERSONAL DE ARUME	3
2. MEDIDAS RELATIVAS ÓS NENOS E NENAS DURANTE OS SERVIZOS.....	4
3. ELEMENTOS A TER NO COMEDOR.....	6
4. LIMPEZA, DESINFECCIÓN E VENTILACIÓN	6
5. PROCEDEMIENTO DE ADMISION NOS SERVIZOS.....	7
6. SERVIZOS PRESTADOS E ESPAZOS DISPOÑIBLES PARA O SEU USO	7
7. SERVIZO DE MADRUGADORES	8
8. SERVICIO DE COMEDOR	10
I. DISPOSICIÓN DO COMEDOR, AFORO MÁXIMO E QUENDAS.....	10
II. PERSOAL	11
III. RECOLLIDA DO ALUMNADO.....	11
IV. OPERATIVA DO COMEDOR.....	11
V. SAIDAS DO COMEDOR.....	12
VI. PATIOS E ZONAS DE XOGO.....	12
9. SERVIZO TAKE AWAY	13

1. INTRODUCCIÓN

Con motivo da crise sanitaria provocada polo COVID-19, comúnmente coñecido como coronavirus, e tal e como ordenan ás autoridades sanitarias, é necesario que, tanto os usuarios dos servizos xestionados pola APA a A Gaiyota como as súas familias e todas aquelas persoas implicadas en ditos servizos, coñezan e cumpran tódalas medidas de prevención e protección para levar a cabo as actividades de madrugadores e comedor da forma máis axeitada.

Por todo isto, elaborouse este documento contemplando as principais medidas de prevención e hixiene que, son de obrigado cumprimento para todo o persoal involucrado nos citados servizos.

Estas medidas manteráanse durante todo o tempo que sexa necesario para á prevención e o control do Covid- 19, e actualizaráanse segundo recomenden as autoridades sanitarias.

O indicado neste documento baséase nos PROTOCOLOS publicados hasta a data pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, os publicados pola Consellería de Cultura, educación e Universidades, as instrucións publicadas polo Ministerio de Sanidade, os Plans de Continxencia, de Acollida e de Adaptación do Centro educativo, e á guía operacional e instrucións establecidas por Arume, empresa contratada, na actualidade, para prestar ditos servizos.

Trátase de establecer medidas máis específicas, e no seu caso, resaltar e engadir, as que consideremos necesarias para o correcto funcionamento de ditos servizos.

Todas estas están en consonancia cos anteriores protocolos e cos plans establecidos polo centro educativo, e a éstos hai que acudir no que non esté recollido neste documento.

2. MEDIDAS PREVENTIVAS

1. *MEDIDAS RELATIVAS Ó PERSONAL DE ARUME*

Os traballadores de Arume dispoñen dunha guía operacional propia, un protocolo xenérico de actuación de coronavirus e unhas instrucións de limpeza e desinfección con medidas preventivas en relación co Covid- 19, que teñen a obriga de coñecer e cumprir. Así mesmo, a empresa garantiza que todos os traballadores realizaron os cursos do Protocolo de Actuación fronte o Coronavirus e que coñecen e cumprirán, tanto as medidas adoptadas polo centro como

as establecidas neste plan. Informarase tamén á empresa das variacións que poidan xurdir e que seran de obrigado cumprimento.

Ó persoal colaborador presente no comedor, sera ó mesmo cada día e seralle de aplicación todo o previsto con carácter xeral para o persoal de centros educativos. Deberá realizar o cuestionario de Autoevaluación Covid-19 antes da incorporación ó traballo e proceder de acordo coas instrucións xerais para centros educativos.

Teranse en conta as seguintes indicacións, ademáis das anteriores:

1. Tomarase a temperatura antes de acudir o seu posto de traballo e, en caso de que sexa igual ou superior a 37.5 ° non acudirá o centro. Nese suposto, ademáis de adoptar todas as medidas que estén contempladas no protocolo do centro, a empresa debe informar da situación de inmediato, e en todo momento, ó APA A Gaivota.
2. Para acceder ó recinto, e durante toda a estancia no centro, a máscara será de uso obligatorio. Ésta deberá ser correctamente desinfectada todos os días. Nada máis chegar, o personal desinfectarase as mans e o calzado con líquido hidroalcohólico. No momento de entrar deberán poñer o uniforme que cambiarán despois de cada xornada.
3. Desinfectaranse tamén as mans co xel hidroalcohólico no momento de entrar e saír do comedor.
4. Sempre que toque a algún membro do alumnado deberá posteriormente, aplicar o xel hidroalcohólico nas mans.
5. O persoal que preste servizo do comedor e madrugadores debe seguir todas as indicacións establecidas, especialmente no referente ás normas de hixiene, de seguridade e de mantemento da distancia física que se estableza. O incumprimento consciente e reiterado destas condicións poderá supor a expulsión do monitor do servizo.

2. MEDIDAS RELATIVAS ÓS NENOS E NENAS DURANTE OS SERVIZOS

- I. O alumnado deben seguir as indicacións dos monitores, especialmente no referente ás normas de hixiene, de seguridade e de mantemento da distancia física que se estableza. O incumprimento consciente e reiterado destas condicións poderá supor a expulsión do menor do servizo.

- II. Se durante os servizos se observan síntomas compatibles ca enfermidade (febre, tos, cansancio, dor de cabeza, descomposición...) seguirase o protocolo establecido polo centro (Plan de Continxencia):
- a. Levarase ó menor á aula designada para isto (Laboratorio),
 - b. Contactarase ca familia, que deberá presentarse o antes posible e encargarse de informar á dirección do centro.
 - c. A persoa que o acompañe ten que levar o material de protección adecuado. (máscara quirúrxica se a persoa con síntomas leva máscara, y máscara FFP2 sen válvula se non leva por estar exento ou por ser menor de 6 anos). En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ó 061. Por tanto, é necesario que as familias manteñan os teléfonos operativos tamén durante estas actividades e que éstos estén actualizados e a disposición dos monitores.
(Teléfono do centro: 881 880 214 / Teléfono A.P.A: 619 280 391)
- III. Será obrigatorio o uso da máscara para o alumnado a partir dos 6 anos excepto no momento específico da alimentación, inclusive o tempo de espera hasta o inicio do servizo, e o período entre platos. Esta norma será extensible a aqueles nenos e nenas de entre 3 y 6 anos que tamén leven máscara, segundo a recomendación da Xunta de Galicia. Dita máscara non pode permanecer na mesa, deberá ser gardada nunha bolsa o u estoxo. Os monitores estarán especialmente vixiantes para que esta norma se cumpra en todo momento. Recórdase que o alumnado a partir de 6 anos deberán levar obrigatoriamente unha de máscara de reposto.
- IV. O alumnado permanecerá agrupado por aulas, de maneira que se manteña a continuidade do grupo de convivencia. Será preciso dispor dun plano da situación no que constarán os postos fixos asignados a cada alumno para garantir o control e seguimento epidemiolóxico. Arume levará un control diario da asistencia do alumnado ós servizos de madrugadores e comedor a tal fin.
- V. Antes e despois de acceder o comedor, o alumnado, mantendo o grupo de convivencia estable, deberá ir o baño da planta que lle corresponda para realizar a hixiene de mans. Antes de entrar o comedor desinfectarase as mans e o calzado dos menores e tomarase a temperatura que non poderá ser igual ou superior ós 37.5º.

- VI. O persoal de Arume viviará que o alumnado respeten as distancias de seguridade de alomenos 1.5 metros, excepto nos momentos nos que esté autorizado disminuir esa distancia. Promoveranse actividades e xogos adaptados o protocolo de seguridade.

3. ELEMENTOS A TER NO COMEDOR

- I. Felpudos na entrada: Desinfección do calzado de todas as persoas que accedan e saian do comedor.
- II. Termómetro: tomarase a temperatura a toda-las persoas que accedan ó comedor. Tamén cando exista algunha sospeita. Actuarase, no seu caso, conforme ó establecido neste protocolo / plan de actuación e o protocolo do centro educativo. En todo caso, de existir febre igual o superior a 37.5º non se poderá acceder.
- III. Dispensadores de xel hidroalcohólico: Haberá 1 dispensador na entrada e outro dentro do comedor. Os monitores disporán dunha botella de xel / líquido hidroalcohólico cada un e serán eles os que se ocupen de enchelos e de avisar o Apa A Gaivota con antelación suficiente para que, en ningún momento, se agote.
- IV. Cubo / s de pedal.
- V. Dispensador / caixa con toallas de papel de un só uso.
- VI. Sinalización de entrada e saídas.

4. LIMPEZA, DESINFECCIÓN E VENTILACIÓN

A empresa Arume, aplicará, ademáis dos protocolos de limpeza habituais establecidos pola mesma e o previsto con carácter xeral para os establecementos de hostelería e restauración, as pautas recollidas nas Instrucións de Limpieza e Desinfección de superficies e de mans ante o COVID – 19 facilitadas pola empresa á APA A Gaivota.

Ademáis :

- I. Sempre que as condicións meteorolóxicas o permitan, as xanelas do comedor permanecerán abertas, en todo caso, ventilárase, antes do comezo dos servizos, entre turnos, e o final dos mesmos.

- II. Limpeza e desinfección: Seguirán o recollido nas suas instrucións, protocolos e normas establecidas pola sua empresa, tendo en conta que todas elas teñen que estar en consoancia co establecido en relación ó Covid 19 polas autoridades competentes.
- III. Frecuencias: as establecidas nas instrucións e protocolos e, ademais , limpiaranse e desinfectaranse con maior frecuencia as zonas de maisuso. Tamén se aumentará a frecuencia de desinfección do comedor. Farase unha limpeza e desinfección entre as quendas do comedor, e do menaxe e utensilios do servizo (despois de cada quenda e sempre que o utilice un traballador diferente).
- IV. Vaixela, menaxe e cociña: Limpeza e desinfección en lavavaixelas. Nunca se utilizará menaxe de cociña usado por outra persoa sen lavallo e desinfectalo previamente. Ó rematar a xornada lavarase e desinfectarase tanto a cociña como o comedor e os utensilios de cociña.
- V. Comedor: Limpeza e desinfección de mesas, cadeiras e superficies de contacto cos usuarios ó comezar e rematar cada un dos servizos e entre quendas.
Ventilaráse o comedor mentres se leva a cabo a desinfección entre turnos.

5. PROCEDEMENTO DE ADMISION NOS SERVIZOS.

Para garantir a seguridade na prestación dos servizos de madrugadores e comedor, deberá seguirse o seguinte procedemento para acceder a ditos servizos.

- 1. Solicitar a Arume mediante a aplicación Colechef a alta no servizo.
- 2. Remitir á APA por correo electrónico á dirección gaivotameicende@gmail.com os seguintes documentos cunha anterioridade mínima de 48 horas ó inicio do servizo:
 - a. Declaración de exoneración de responsabilidade segundo ó ANEXO I ó presente documento debidamente cumplimentada e asinada.
 - b. Ficha de Alta na APA debidamente cumplimentada segundo o ANEXO II ó presente documento.
 - c. Xustificante do abono da cota correspondente o curso 2021-2022 (20,00€ por familia) mediante transferencia bancaria á conta da APA.

6. SERVIZOS PRESTADOS E ESPAZOS DISPOÑIBLES PARA O SEU USO

- I. A empresa Arume prestará os servizos de madrugadores, comedor e TakeAway.

- II. O servizo de madrugadores prestarase no horario de 7:30 a 9:05 . O servizo levarase acabo no comedor escolar.
- III. O servizo de comedor prestarase no horario de 13: 30 a 16:00. Para dar o servizo de comedor (comida e garda e custodia habilitaranse os seguintes espazos:
 - a. Comedor
 - b. Pabellón
 - c. Patio cuberto
 - d. Patio infantil
 - e. Aula ubicada ó carón do comedor. Ludoteca
 - f. Aula de Psicomotricidade.
- IV. Na medida do posible priorizarase a utilización de espazos abertos, no caso de espazos pechados, débese contar cunha ventilación axeitada. O alumnado dividiránse en grupos de convivencia estable, que corresponden a súa clase. Respetaranse estas divisións tanto nos servizos que se presten no comedor, como á hora de distribuílos nas distintas zonas de xogo. Os monitores encargaranse de que dita distribución se manteña en todo momento.
- V. O servizo Take Away é unha modalidade de comida para levar mediante a cal o neno ou nena abandonará o colexio levando consigo unha bolsa co menú envasado.
- VI. Arume desinfectará tódolos espazos utilizados durante o seu servizo.

7. SERVIZO DE MADRUGADORES

O alumnado que asistan ó servizo de madrugadores entrarán de forma ordeada mantendo a distancia de seguridade. Recordamos ós proxenitores que non poden acceder ó recinto do colexio. Como única excepción poderá entrar ó recinto un proxenitor dos alumnos de Educación Infantil, que en ningún caso accederán ó interior do colexio, unicamente os acompañarán ata a porta donde unha monitora os recollerá.

Antes de entrar, deixarán os seus abrigos e mochilas no lugar indicado polos monitores.

Os menores desinfectaranse as mans con xel hidroalcohólico, pulverizaranse os zapatos no felpudo e tomaraselle a temperatura.

Para evitar que compartan material, non poderán acceder ós servizos con material de tipo lúdico. Serán os monitores os que se encarguen de que as actividades que realicen se adapten ó contexto actual de Covid- 19.

Establecerase unha zona de almorzo e outra de non almorzo.

A empresa ubicará ós nenos con arreglo ó protocolo establecido polo centro educativo, e as normas citadas con anterioridade.

Distribuiranse o alumnado seguindo os grupos de convivencia estables (por aulas de pertenza ó nivel educativo) sen necesidade de manter distancia de seguridade, no caso de non pertenza a grupos de convivencia estable, respetarase a distancia de seguridade de 1.5 metros en oblicuo entre eles e éstos estarán separados entre sí por una distancia de 1,5 metros, ou ben mediante o uso de mamparas, segundo o establecido no protocolo de versión do 06/07/2021 para os centros de ensino non Universitario de Galicia para o curso 2021-2022 pola Xunta de Galicia.

Lembramos que, será obrigatorio o uso de máscara para o alumnado a partir dos 6 anos excepto no momento específico da comida. Esta norma será extensible a aqueles nenos de entre 3 y 6 años que leven máscara, tal e como recomenda a Xunta de Galicia.

A máscara non pode permanecer sobre a mesa, deberá ser gardada en unha bolsa ou estoxo. Os monitores estarán especialmente vixiantes para que esta norma se cumpra en todo momento. Lembramos que o alumnado a partir de 6 anos deben levar obrigatoriamente unha de reposto, xa que, sin ela, non se pode acceder.

O programa de actividades adecuarase ás actuais circunstancias (non se permite compartir materiais, respetarase as distancias de seguridade, etc).

Antes de abandonar o servizo de madrugadores, o alumnado desinfectaranse as mans e o calzado.

Ó rematalo servizo os monitores ubicarán ós alumnos seguindo as instrucións do centro.

O equipo de Arume estará adaptado á capacidade do servizo, para asegurar un correcto funcionamento do mesmo, o cumprimento dos protocolos e dos ratios marcados pola Xunta de Galicia.

8. SERVICIO DE COMEDOR

I. DISPOSICIÓN DO COMEDOR, AFORO MÁXIMO E QUENDAS

O alumnado que forme grupo estable de convivencia (Aula de pertenza no nivel educativo) comerá agrupado sen requisitos de distancia. Os grupos separaranse entre si por unha distancia de 1,5 metros ou de 1 metro para o caso de empregar mamparas.

O alumnado que non constitúa grupo estable de convivencia estará separado por 1,5 metros de distancia sentados en oblicuo ou separado por mamparas.

O alumnado terá un lugar fixo asignado independentemente do número de días que asistan ó comedor. Arume facilitará ó APA A Gaivota o rexistro dos lugares que ocupa cada membro do alumnado co obxectivo de facilitar a localización dos contactos.

Debido á situación actual, este ano únicamente poderán asistir ó comedor os alumnos do centro.

Establecense en principio dúas quendas de comida. Isto non exime de que si nun futuro as solicitudes aumentan e non é posible a seguridade entre o alumnado, haxa que facer tres quendas de comidas.

Darase acceso a novas solicitudes ó comedor na maior brevedade posible, dado que entendedada a necesidade de conciliación dos pais e nais, pero o ingreso de un novo neno pode supoñer unha nova reubicación do comedor

Cada novo alumno no comedor exige tomar novas decisións e cambios, que poen requerir máis tempo do deseado para poder aceptalo no comedor, polo que, é do seu propio interés comunicar canto antes a Arume e a APA a intención da nova solicitude e garantir a praza no comedor e/ou madrugadores, e como mínimo cunha antelación mínima de 48 horas ó inicio do servizo demandado.

- Primeira quenda: De 13: 30 saída 15:00 – 15:15. Asistirán os alumnos de Educación Infantil e as 13:45 1º, 2º e 3º de Primaria.
- Segunda quenda: De 14: 30 a 15: 45-16:00. Asistirán os alumnos de 4º , 5º e 6º de Primaria.

Como xa se mencionou,o comedor limparase, desinfectarase e ventilarase tamén entre quenda e quenda .

II. PERSOAL

O equipo de Arume estará adaptado á capacidade do servizo, para asegurar un correcto funcionamento do mesmo, o cumprimento de tódolos protocolos que se mencionan no presente, das normas que aquí se establecen e dos ratios marcados pola Xunta de Galicia.

Arume encargarse de que tódolos monitores teñan ó seu alcance e coñezan: o presente protocolo / plan , os establecidos polo centro directivo , e as guías, protocolos / operativa e instrucciós establecidos por Arume, e cumprirano sen excepción.

III. RECOLLIDA DO ALUMNADO

Os monitores recollerán ós alumnos de infantile e, 1º,2º e 3º nas súas respectivas aulas e acompañaranos ó comedor, asegurándose de que se cumpran as medidas de seguridade e hixiene establecidas.

O resto do alumnado permanecerá nas clases ate á hora de saída oficial e despois quedarán custodiados polos monitores de Arume no espacio habilitado polo colexio.

IV. OPERATIVA DO COMEDOR

Na entrada: Deixarán mochilas e cazadoras donde lles indiquen os monitores, desinfectarán as mans con xel hidroalcohólico e tomaráselle a temperatura. Os nenos entrarán no comedor ordenados segundo os seus grupos de convivencia estable (clase), mantendo as distancias de seguridade entre eles, e sentaranse no seu lugar asignado, que será o mesmo ó longo do curso.

Como xa se mencionou anteriormente,sera de uso obragatorio o uso da máscara para o alumnado de máis de 6 anos,excepto no momento específica da comida,incluíndo o tempo de espera ata o inicio do servizo e o periodo entre pratos.

Esta norma será extensible a aqueles nenos de entre 3 y 6 años que tamén leven máscara, seguindo a recomendación da Xunta de Galicia. Dit

a máscara non pode permanecer na mesa, deberá ser gardada nunha bolsa ou estoxo. Os monitores estarán especialmente vixiantes para que esta norma se cumpra en todo momento. Recórdase que o alumnado a partirde 6 anos deben levar obrigatoriramente unha de reposto, xa que, sin ela, non se poderá acceder ó servizo.

O alumnado non se levantará da mesa, serán os monitores os que sirvan y recollan a comida.

Non haberá xerras de auga nas mesas, un monitor encargarse de servir a auga ó comezar o turno e cando o alumnado o solicite

Cando saian, deixarán as bandexas na mesa.

Tratarase de evitar na medida do posible o uso do aseo mentres o alumnado estén comendo.

Se é necesario o seu uso, o neno deberá por a máscara antes de levantarse e desinfectarase as mans ó saír e ó volver o comedor.

V. SAIDAS DO COMEDOR

O alumnado permanecerá sentado no seu sitio ata que tódolos compañeiros rematen de comer, momento no que salirán ordeados, respetando as distancias de seguridade co resto de grupos de convivencia.

Mentres dure a situación excepcional derivada do coronavirus, suspéndese o lavado de dentes tra-la comida.

Os monitores dirixirán ós nenos ás zonas de xogo que lles corresponda.

Dada a necesidade de conciliación, a hora de saída poderá flexibilizarse segundo as necesidades das familias, para o que se precisará a autorización previa da APA. Poderá escollerse un turno de saída, ben de 15:00 a 15:15 ou de 15:45 a 16:00. Unha vez autorizada pola APA, a quenda escollida quedará fixada para todo o curso, salvo casos debidamente xustificadas.

VI. PATIOS E ZONAS DE XOGO

Durante o tempo que non estén no comedor, serán os monitores os encargados de distribuír ós nenos e nenas por grupos de convivencia estable nos espazos dispoñibles. Así, estableceranse as divisións e distancias da mesma forma que o fan no centro. En consecuencia, se un espazo dispoñible, polo seu tamaño, pode ser ocupado por máis de un grupo, estará claramente dividido por zonas, de tal forma que os grupos de convivencia estable non se mezclen e se garde a distancia de seguridade establecida entre os mesmos.

Coidaranse e ordenaranse os tránsitos para que os grupos de convivencia estable non se mezclen entre eles.

O alumnado a partir de 6 anos (sendo do mesmo xeito altamente recomendable para os menores desa idade polo protocolo da Xunta) deberán ter posta a máscara en todo momento.

Os monitores propoñerán actividades e xogros concretos adaptados á situación e medidas de seguridade derivadas da Covid- 19.

9. SERVIZO TAKE AWAY

Arume ofrece este servizo a tódalas familias que desexen levar a comida e comer na casa en lugar de facelo no comedor do colexio.

En todo caso, si se acollen a este servizo a saída do alumnado será á hora habitual e polas portas establecidas polo centro para cada curso. Serán os monitores os que acerquen a comida a aula do escolar que teña dito servizo solicitado.

Este servizo non poderá ser utilizado de forma esporádica.

ANEXO I. ADMISIÓN DO RISCO E EXENCIÓN DE RESPONSABILIDADE EN RELACIÓN CO COVID-19

O Coronavirus, COVID-19, foi declarado como pandemia mundial pola Organización Mundial da Saúde, é extremadamente contaxioso, pode ser letal e o seu principal método de propagación é ao través do contacto de persoa a persoa.

As autoridades sanitarias estableceron un abano de medidas que, a título enunciativo e non limitativo inclúen o distanciamento social, evitar as aglomeracións de persoas e o uso de medidas de prevención de contaxio tales como máscaras a partires dos 6 anos.

O APA A Gaivota, así como a empresa de catering encargada da actividade de madrugadores e comedor, adoptarán para a organización de ambas actividades, tódalas medidas sanitarias de prevención que dispoñan como obrigatorias as autoridades sanitarias, educativas e laborais (documento que se adxunta).

Ainda tomando estas medidas, non poden garantir que vostede, os seus fillos ou as súas familias non se infecten con COVID-19 como consecuencia do desenvolvemento das actividades sinaladas.

Poñemos no seu coñecemento que esta actividade podería aumentar o risco para os seus fillos ou as súas familias de contraer COVID-19.

Ao prestar a súa aceptación a esta cláusula recoñece ter sido informado da natureza contaxiosa do COVID-19 e do incremento do risco de contaxio que podería supoñer a asistencia do seu fillo/a a estas actividades, e asume voluntariamente o risco de que os seus fillos e / ou fillas e as persoas que estean en contacto con eles podan estar expostos e/ou infectados por COVID - 19 e que esa exposición, sexa directa ou indirecta, pode derivar en lesións e danos persoais e enfermidades que poderán ocasionar incapacidades mesmo permanentes ou a morte.

Así mesmo, ao aceptar esta cláusula recoñece expresamente que o risco de estar exposto ou infectado por COVID - 19 pode resultar das accións, omisións, e negligencias propias e de outros, incluíndo, pero sen estar limitado, a APA A Gaivota e traballadores que presten servizos de almorzo e comedor e resto de participantes da actividade e ás suas familias.

Polo exposto, vostede acepta libre e voluntariamente asumir todos os riscos antes mencionados e asume libre e voluntariamente a súa responsabilidade exclusiva por calquera lesión aos seus fillos, á súa familia ou a vostede mesmo, incluíndo, pero sin estar limitado as lesións persoais, discapacidade e morte, **EXONERANDO EXPRESAMENTE á APA A GAIVOTA** de calquera responsabilidade por enfermidade, dano, perda, discapacidade, lesión o morte, renunciando

expresamente a calquera reclamación, responsabilidade ou gastos de calquera tipo, en que vostede ou a súa familia e /ou fillos puideran incorrer en relación coa asistencia dos seus fillos e fillas a estas actividades

Así mesmo, no seu propio nome e no dos seus fillos e fillas comprométese a non demandar ou querelarse contra a APA A GAIVOTA e os seus membros, renunciando expresamente a todas e cada unha das responsabilidades, accións, danos, costas ou gastos de calquera tipo que xurdan de ou estean relacionados con estas actividades e declara entender e aceptar expresamente que esta exención inclúe calquera reclamación baseada nas accións, omisión, ou negligencias dos membros da APA A GAIVOTA así como dos traballadores por ésta contratados, xa sexa que a infección por COVID- 19 ocorra antes, durante ou despois da participación destas actividades.

LIN, ENTENDO E ESTOU CONFORME CON ESTA CLÁUSULA, ACEPTANDO LIBRE, VOLUNTARIA E EXPRESAMENTE A TOTALIDADE DO EXPOSTO NA MESMA.

D/DÑA-

PAI / NAI /TITOR LEGAL DO ALUMNO/A-

DATA:

FIRMA:

ANEXO II. FICHA ALTA SOCIO.

FICHA ALTA SOCIO APA A GAIVOTA

CURSO 2021/2022

Nº SOCIO

NOME E APELIDOS PAI/NAI/TITOR LEGA

NOME E APELIDOS ALUMNO/S

CURSO

1		
2		
3		

TELEFONOS DE CONTACTO

CORREO ELECTRONICO

SOLICITA SERVIZO DE MADRUGADORES

SI

NON

DATA DE INICIO

DIAS DE DISFRUTE

LUNS

MARTES

MERCORES

XOVES

VENRES

SOLICITA SERVIZO DE COMEDOR

SI

NON

DATA DE INICIO

DIAS DE DISFRUTE

LUNS

MARTES

MERCORES

XOVES

VENRES

HORARIO PREFERENTE RECOGIDA

15:00-15:15

15:45-16:00

CUOTA ANUAL: 20€/FAMILIA

CUENTA BANCARIA ES27 2100 5109 1202 0000 4724